

# Chantos na chaira

24/11/2012

Con Xurxo Souto tras das pegadas do antigo gremio de Mareantes

Lin onte na prensa e confirmei esta mañá no [blogue da AELG](#) a convocatoria deste roteiro literario pola Coruña con [Xurxo Souto](#).

Saimos unhas 50 persoas desde a igrexa de Santo Andrés na rúa homónima, parando na Rúa Real, peirao da Mariña, igrexa de Santiago, Parrote, San Carlos, as Bárbaras e finalmente o adro de Santa María. Ao remate aceptamos o convite a un



familiar magosto na rúa do Orzán. É unha actividade complementaria dun [obradoiro de escritura](#), polo que o paseo foi moi participativo, con lecturas de poemas de autores consagrados ou noveles, e contribucións espontáneas dos asistentes. A principal referencia bibliográfica para a parte histórica foron os documentos recuperados por Santiago Daviña Sáinz nos arquivos do Marqués de Viso (Álvaro de Bazán).

O meu problema con este tipo de eventos é que por máis que aprendo unha chea de cousas, ao mesmo tempo nácenme centos de preguntas. Se nos cinguimos ao [gremio dos mareantes](#), non sei se entre eses homes de mar habería coma hoxe unha distinción entre pescadores e mercantes. E alén diso falta moito por saber da súa contribución -as máis das veces, forzosa- nos envites militares de El-Rei de las Españas.

Que pouco sabemos da vida e desgrazas dos habitantes do [barrio da Pescadería](#)!